

colexio plurilingüe  
sagrado corazón  
de jesús



programación  
xeral  
anual  
(PXA)

curso académico 16/17

# 1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO

## **OB1.- ATRÉVETE A SOÑAR. Lema para o presente curso**

- 1.1.- Fornecer o **Proxecto Axuda** como continuación do lema do Proxecto Educativo: SER PARA LOS DEMÁS
- 1.2.- Consolidar o evento **SAGRADO+** aproveitando o 60 aniversario da fundación do Colexio
- 1.3.- Implantación do **Proxecto de Interioridade**

## **OB2.- Fornecer as INICIATIVAS METODOLÓXICAS iniciadas nos anteriores cursos e reflexionar sobre ámbitos pedagóxicos de especial significación**

- 2.1.- Fornecer os programas de **Estimulación Temperá, Intelixencias Múltiples, Traballo Cooperativo, Destrezas de Pensamento** e Actividades de **Aprendizaxe e Servizo**
- 2.2.- Consolidar o **proxecto curricular** adecuando os instrumentos de avaliación ás exigencias normativas
- 2.3.- Establecer ámbitos de reflexión e debate para unha política unificada de **deberes** e formato das **sesións de avaliación**

## **OB3.- Atención á DIVERSIDADE**

- 3.1.- Consolidar a organización e a planificación dos **PIRE** (Proxectos Individualizados de Reforzo Educativo)

## **OB4.- Desenvolvemento do Plan de FORMACIÓN**

- 4.1.- Manter a política de formación baseada nas experiencias intercolexiais e intracolexiais
- 4.2.- Crear un **Seminario** durante o primeiro trimestre sobre Programacións LOMCE

## **OB5.- Análise, Edición e Publicación dos novos DOCUMENTOS DE CENTRO**

- 5.1.- Presentación (espacio na WEB) de todos os documentos de centro obxecto de modificación ou nova elaboración

## **OB6.- Potenciar as iniciativas que xurden do PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO:**

- 6.1.- Desenvolvemento do Proxecto de **Biblioteca Escolar**
- 6.2.- Consolidar a presenza da **Lingua Galega** no Centro a través das actividades desenvolvidas polo EDLG
- 6.3.- Solicitar a Certificación de Centro **BEDA KIDS** de Escuelas Católicas Nacional
- 6.4.- Por en valor aquelas iniciativas institucionalizadas no Centro que sexan de Inmersión Lingüística

## **OB7.- Continuar elaborando o Estudo de AVALIACIÓN DE CENTRO**

- 7.1.- **Enquisa de Satisfacción das familias**
- 7.2.- **Avaliación do Profesorado** do ámbito das Ciencias e da Tecnoloxía

## **OB8.- Estudo, deseño e implantación de Novos RECURSOS TECNOLÓXICOS**

- 8.1.- Remodelación da páxina Web do Centro: Creación de novas ferramentas e novo pulo aos espazos menos empregados
- 8.2.- Potenciar o uso dos blogs e das ferramentas da plataforma educ@mos e do Office 365 entre os alumnos xa desde 4º de Educación Primaria
- 8.3.- Incrementar o uso de ferramentas tecnolóxicas desde a educación Infantil
- 8.4.- Renovación de equipos informáticos, axeitándoos ás necesidades do Centro

## **OB9.- Creación e consolidación dos EQUIPOS DE TRABAJO para unha educación de calidade e de futuro**

9.1.- Creación do Seminario Permanente da Convivencia

9.2.- Potenciar o traballo, proxectos e reflexións do Equipo de Innovación

9.3.- Xerar espazos de reflexión sobre os elementos fundamentais que sosteñen o Proxecto Educativo do Centro con visión de futuro

## **OB10.- REDEKORACIÓN del Centro**

10.1.- Crear un documento marco con criterios definidos de redekoración do centro: corredores, taboleiros, escaleiras, aulas, espazos de lecer...

10.2.- Creación do Proxecto ReCrea para o deseño e iniciativas de los momentos lúdicos en el centro

## **2. ORGANIZACIÓN DE CENTRO**

### **A.- DIRECCIÓN E COORDINACIÓN**

**Representante da Entidade Titular**  
**Director Xeral**

P. Benjamín Fernández de la Riva, msc  
D. Francisco Javier Barros Sanmartín

**Administrador**  
**Secretario**

D. Manuel Martínez Torres  
D. Benito Dapena García

**Director Pedagógico ESO-Bacharelato**  
**Directora Pedagógico Infantil-Primaria**

D. Eduardo Prado Souto  
D<sup>a</sup> María Teresa Bernal Sánchez

**Coordinadora de Pastoral**  
**Coordinador Educación Infantil**  
**Coordinadores de Educación Primaria**

D<sup>a</sup> Goretti Canario Cacabelos  
D<sup>a</sup> Lorena Tomé Barros  
D<sup>a</sup> Sabela Ventín Pereira  
D. José Caldas Cerviño

**Coordinadora ESO**  
**Coordinador Bacharelato**  
**Coordinador de Calidad**  
**Coordinador TIC's**  
**Coordinadora do PLC**

D<sup>a</sup> Marta Sineiro de Saá  
D. José Carlos Silva Fontán  
D. Eduardo Prado Souto  
D. Juan Carlos González González  
D<sup>a</sup> Pilar Cortizo Canabal

### **B.- CONSELLO ESCOLAR**

**Director Xeral**

D. Francisco Barros Sanmartín

**Representantes do Titular**

P. Benjamín Fernández de la Riva, msc  
D<sup>a</sup> María Teresa Bernal Sánchez  
D. Eduardo Prado Souto

**Representantes das familias**

D<sup>a</sup> Begoña Fidalgo Aneiros  
D<sup>a</sup> Susana Mederer Hengstl  
D. David Lariño Calviño  
D<sup>a</sup> Rosa María Varela Viéitez

**Representantes do Profesorado**

D. David Sineiro de Saa  
D<sup>a</sup> Sabela Ventín Pereira  
D<sup>a</sup> José Estarque Moreno  
D<sup>a</sup> Marta Fernández Dorrió

**Representantes do Alumnado**

D<sup>a</sup> Amanda Riveira Tasende  
D<sup>a</sup> Alejandra Soto Martínez

**Representante do PAS**

D. Manuel Martínez Torres

Segundo o disposto na RESOLUCION do 26 de setembro, DOG 4 de outubro, durante o primeiro trimestre se procederá á renovación parcial do Consell Escolar

## C. ORGANIZACIÓN ESCOLAR

### C.1.- HORARIOS DO CENTRO

		MAÑÁ	TARDE
<b>Infantil e primaria</b>		09:30 a 13:00	15:30 a 17:30
<b>E. S. O.</b>	Luns, martes, xoves	09:00 a 13:50	16:10 a 17:50
	Mércores, venres	09:00 a 14:40	-----
<b>Bacharelato</b>		09:00 a 14:40	16:10 a 17:50 (martes)
<b>Secretaría</b>		08:45 a 14:00	15:30 a 18:30

A xornada escolar será matinal en setembro e xuño:

- Infantil e primaria: 09:15 a 14:15
- Secundaria obrigatoria: 09:00 a 14:40

### C.2.- PROFESORADO.- TITORÍAS E HORARIOS DE VISITA

Na páxina web e no taboleiro de Secretaría estará exposto o cadro de profesores co correspondente horario de visitas.

Un dos principios básicos do proceso de ensinanza-aprendizaxe é a estreita colaboración entre a familia e a escola. Cómpre por parte de toda a Comunidade Educativa establecer canles fluídos de información e comunicación para un axeitado desenrolo académico e persoal dos alumnos.

- As entrevistas cos Titores e Profesores poden xurdir por iniciativa dos pais ou do Colexio. Se a iniciativa xurde da familia poden solicitala ben, directamente a través da plataforma **educ@mos** ou a través do alumno. Existe un tutorial na páxina web para o seu manexo correcto.
- Como norma xeral, as entrevistas solicitaranse coa suficiente antelación.
- Cambien impresións cos profesores nas súas horas de visita e sigan as súas orientacións, procurando a existencia de harmonía, colaboración e acordo entre os plantexamentos do Centro e da familia.

ETAPA	CURSO	TITOR/A	DIA	HORA
<b>Educación Infantil</b>	4º A	Dª Eva Gutiérrez Ferreira	Luns	17:30 a 18:30
	4º B	Dª Mª Jesús Costa Mouriño		
	4º C	Dª Cristina Durán Rodríguez		
	5º A	Dª Lorena Tomé Barros	Venres	16:30 a 17:30
	5º B	Dª Esperanza Caldas Gil	Xoves	
	5º C	D Juan R Baquero Barajas	Luns	
	6º A	Dª Mª Carmen Rodríguez Meijueiro	Mércores	17:30 a 18:30
	6º B	Dª Mª Teresa Pichel Diz		
	6º C	Dª Sabela Couto Mayán	Martes	16:30 a 17:30

<b>Educación Primaria</b>	1º A	D Daniel Tierno Rey	Mércores	17:30 a 18:30	
	1º B	Dª Sabela Ventín Pereira	Luns		
	1º C	Dª Marta Rodríguez Carballo			
	2º A	Dª Elsa Iglesias Fernández			
	2º B	Dª Ana Mª Hermida Fentanes	Mércores		
	2º C	Dª Mª Carmen Aira Pérez			
	3º A	D José Manuel Názara Gómez			
	3º B	D Manuel Lorenzo García	Luns		
	3º C	Dª Pilar Sánchez Trallero			
	4º A	D José Caldas Cerviño José			
	4º B	D Adolfo García Couceiro	Martes		16:30 a 17:30
	4º C	Dª Marta Mª Fernández Dorrío	Mércores		
	5º A	Dª Raquel Rey Asorey	Xoves		
	5º B	D José Carlos García Cendón	Mércores		17:30 a 18:30
	5º C	Dª Alba Fernández Martínez			
6º A	D José Armando Aboal Fernández				
6º B	D Roberto Diz Dios	Luns			
6º C	Dª María José Tilve Freijo				

<b>Educación Secundaria Obligatoria</b>	1º A	Dª Ana Picoaga Montoussé	Xoves	16:50 a 17:50
	1º B	Dª Ruth Bembibre González	Martes	18:00 a 19:00
	1º C	D Gerardo Calvo Rodríguez	Miércoles	09:50 a 10:40
	2º A	Dª Yolanda Garrido Cimadevila		
	2º B	D Jesús Vázquez Fernández	Jueves	11:00 a 11:50
	2º C	D Antonio de Oliveira Nogueira		
	3º A	D Juan Carlos González González	Lunes	13:00 a 13:50
	3º B	D José Estarque Moreno	Venres	
	3º C	Dª Marta Sineiro de Saa	Mércores	16:00 a 17:00
	4º A	Dª Mª José Román González	Lunes	16:55 a 17:50
	4º B	Dª Sandra Rosendo Fernández	Xoves	11:50 a 12:40
	4º C	Dª Pilar Cortizo Canabal	Martes	11:00 a 11:50

<b>Bacharelato</b>	1º A	Dª Carmen Moure Vázquez	Xoves	13:00 a 13:50
	1º B	D Manuel Picón Mariño	Luns	17:00 a 17:50
	2º A	Dª Ana María Pou Fernández	Mércores	11:00 a 11:50
	2º B	D José Carlos Silva Fontán	Martes	17:00 a 17:50

<b>OUTROS</b> Día e hora de visita a convir	<b>Infantil Primaria</b>	D José Manuel Dapena Sánchez	D Francisco López Cuiña
		Dª Fátima García Rodríguez	Dª Almudena Morales Aquín
		Dª Mª Antonia González Casado	
	<b>E.S.O. Bacharelato</b>	D Roberto Calvo Lorenzo	D Ramón Méndez Sande
		D Basilio Fernández Magdalena	D Javier A. Parrado Rodríguez
		Dª Ainhoa Fondevila Ramírez	D Juan Mª Sánchez Curto
		Dª Ana Mary Garrido Muíños	D Julio Segura Domínguez
		D Rafael Gil Villanueva	D David Sineiro de Saa

### C.3.- REUNIÓN COAS FAMILIAS

Coa finalidade de facilitar a relación familia – colexio, unha vez iniciado o curso celébranse reunións de presentación por ciclos en todas as etapas, informando aos pais das características do novo curso. Estes encontros teñen lugar no Teatro e nas aulas, ás 20:00 horas, e a súa convocatoria realízase por escrito en circular entregada aos alumnos/as. Estas son as datas de celebración destas reunións no presente curso:

<b>Educación infantil</b>	4º	08 de setembro
	5º e 6º	21 de setembro
<b>Educación primaria</b>	1º e 2º	14 de setembro
	3º e 4º	15 de setembro
	5º e 6º	19 de setembro
<b>E.S.O.</b>	1º e 2º	20 de setembro
	3º e 4º	22 de setembro
<b>Bacharelato</b>	1º e 2º	26 de setembro

### C4.- MANDALA ORGANIZACIÓN XERAL



## C.5. OUTROS ASPECTOS ORGANIZATIVOS

Entrégase circular diferenciada por etapas a principio de curso con normas organizativas e de uso de instalacións por parte de todos os membros da Comunidade Educativa

- A **puntualidade** é un valor a respectar e cumprir por parte de todos.
- A recollida dos alumnos de Educación Infantil farase unicamente no patio cuberto, deixando o paso de acceso aos autobuses completamente despegado.
- Pregámoslles presten atención ás **circulares**, á plataforma **Educ@mos** e á **páxina web** do centro: son uns importantes recursos de información.
- Durante a xornada escolar **non está permitido o acceso dos vehículos** ao Centro. O acceso peonil polas rúas A Estrada e Juan Carlos I farase polas portas para peóns.
- A partir do mes de outubro e durante o período lectivo non está permitido o acceso das familias aos edificios das aulas. Para calquera aviso dirixirse á Secretaría.
- O custo dos dous cursos de Bacharelato prorratéanse nos DEZ meses do ano académico.
- O importe dos libros mercados na librería do centro poderase dividir en TRES mensualidades sin custo adicional para as familias.
- En horario non lectivo lembramos que o **Centro non se converte nun parque público**, polo que rixen as mesmas normas que no período lectivo.
- Fora do horario lectivo os alumnos están baixo a responsabilidade das familias.
- Está prohibido o uso de bicicletas e monopatíns no recinto escolar

## D.- CALENDARIO ESCOLAR

<b>Inicio das actividades lectivas</b>	12 de setembro na educación infantil e primaria 15 de setembro na ESO e bacharelato	
<b>Fin das clases</b>	23 de xuño	
<b>Vacacións de Nadal</b>	do 22 de decembro ata o 6 de xaneiro (ambos os dous inclusive)	
<b>Vacacións de Semana Santa</b>	do 10 ao 17 de abril (ambos os dous inclusive)	
<b>Días non lectivos</b>	12 de outubro 31 de outubro 1 de novembro 6 de decembro 8 de decembro 27, 28 de febreiro e 1 de marzo 1 de maio 17 de maio	Día da Hispanidade Día do Ensino Día de Difuntos Día da Constitución Día da Inmaculada Entroido Día do Traballo Día das Letras Galegas

Atendendo ao disposto no artigo 7º.2 da Orde do 7 de xuño de 2016 (DOG do 15/06) pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016-2017, ao non coincidir con días de clase as dúas festas laborais de carácter local, o Centro vai solicitar perante a Xefatura Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como no lectivo **os días 9 de decembro e 2 de maio**

## DI.- AVALIACIÓNS EN ENTREGA DE BOLETÍNS

### ➤ EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA:

#### Avaliación Inicial:

E. Infantil 4 de outubro - E. Primaria 1º, 2º e 3º 5 de outubro - E. Primaria 4º, 5º e 6º 6 de outubro

	CURSO/CICLO	SESION AVALIACIÓN	ENTREGA DE NOTAS	MODO DE ENTREGA
<b>1ª AVALIACIÓN</b>	4º Infantil	13 Decembro	16 Decembro	En Reunión coas Familias
	5º Infantil			Aos alumnos
	6º Infantil			Aos alumnos
	1º Primaria	14 Decembro	19 Decembro	En Reunión coas Familias
	2º Primaria			Aos alumnos
	3º Primaria			En Reunión coas Familias
	4º Primaria	15 Decembro	20 Decembro	Aos alumnos
	5º Primaria			En Reunión coas Familias
	6º Primaria			Aos alumnos
<b>2ª AVALIACIÓN</b>	4º Infantil	15 Marzo	20 Marzo	Aos alumnos
	5º Infantil			En Reunión coas Familias
	6º Infantil			En Reunión coas Familias
	1º Primaria	16 Marzo	27 Marzo	Aos alumnos
	2º Primaria			En Reunión coas Familias
	3º Primaria			Aos alumnos
	4º Primaria	20 Marzo		En Reunión coas Familias
	5º Primaria			Aos alumnos
	6º Primaria			En Reunión coas Familias
<b>3ª AVALIACIÓN</b>	Infantil	19 Xuño	26 Xuño	Ás Familias
	Primaria 1	20 Xuño		
	Primaria 2	21 Xuño		

### ➤ E.S.O. E BACHARELATO

		1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BACH	2º BACH
<b>1º AVAL</b>	SEGUIMIENTO	14/18 - Novembro		7/11 - Novembro		02/04 - Nov	
	AVALIACIÓN	<b>20 / Decembro</b>		<b>13 / Decembro</b>		<b>01 / Dec</b>	
	ENTREGA NOTAS	Día seguinte					
<b>2º AVAL</b>	SEGUIMIENTO	13/17 - Febreiro		06/08 - Febreiro		01/03 - Feb	
	AVALIACIÓN	<b>21 / Marzo</b>		<b>16 / Marzo</b>		<b>02 / Mar</b>	
	ENTREGA NOTAS	Día seguinte					
<b>3º AVAL</b>	SEGUIMIENTO	15/19 - Maio	22/26 Maio	s/d <sup>1</sup>	22/26 Maio	18/21 - Abr	
	AVALIACIÓN	<b>26 / Xuñ</b>	<b>26 / Xuñ</b>	s/d <sup>1</sup>	<b>26 / Xuñ</b>	<b>22 / Mai</b> <sup>2</sup>	
	ENTREGA NOTAS	Día seguinte					

1.- Pendentes da publicación das datas para as probas de Avaliación de 4º de ESO

2.- Esta data pode sufrir modificacións dependendo do calendario das PAU 2017 por parte da CIUG

**Outra datas de interese na programación Anual:** Claustro organización último trimestre 25 de Abril



## D2.- CONMEMORACIÓN, ACTIVIDADES E VISITAS CULTURAIS

### D21.- Conmemoracións

Acto Inaugural	15 de Setembro
Día Internacional das Linguas	26 de setembro
Acto entrega Certificados Cambridge	26 de setembro
Magosto	28 de outubro
Día Universal da Infancia	21 de novembro
Día Internacional contra a Violencia de Xénero	25 de novembro
Conmemoración da Constitución e Estatuto de Autonomía	5 de decembro
Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos	7 de decembro
Entroido	24 de febreiro
Día Internacional da Muller Traballadora	8 de marzo
Conmemoración Sagrado+ Semana da Solidariedade	23 ao 25 de marzo
Letras Galegas (carlos Casares)	20 de maio
Semana das Letras (Gloria Fuertes)	<i>Pendente de fixar</i>
Xornadas de Orientación Académica:	20/24 febreiro (ESO e 1º Bac)
	06/10 febreiro (2º Bac)
Xornada de Portas Abertas:	23 de febreiro
Acto de Entrega de Orlas 2º Bacharelato	19 de maio
Acto de Entrega de Diplomas fin de Educación Infantil	22 de xuño
Festivais Fin de Curso	22 de xuño e 23 de xuño

### Outros Programas

<b>Programa Anxos</b> da C. de Sanidade e o 061 3º, 5º de E.P. e 1º de ESO	Sen determinar
<b>Programa Telearquoloxía</b> 1º ESO	22 e 28 de setembro
Programa <b>Dieta Mediterránea</b> para 3º e 4º de Primaria	28 de setembro

### D22.- Visitas Culturais E. Infantil e E. Primaria

4º de Infantil:	Contacontos	Sen data
	Visita Casa Solla: Master Class	Sen data
	Visita a Supermercados Froiz	Sen data
	Visita Granxa Serantellos	Sen data
5º de Infantil:	Visita Apópolis	19 de outubro
	Visita Cidade de Pontevedra	Sen data
6º de Infantil:	Vista a Zoo A Madroa de Vigo	Sen data
	Visita Policía Local de Pontevedra	Sen data
	Granxa O Kiriko (Con pernocta)	27 e 28 de abril
1º de Primaria:	Visita a Biblioteca Pública de Pontevedra	Sen data
	Visita a Supermercados Froiz	Sen data
2º de Primaria	Visita Castelo de Soutomaior	25 de outubro
	Visita ao Salón do Libro	Sen data
	Camping Fietás (con pernocta)	25 e 26 de maio
3º de Primaria	Visita ao Museo de Pontevedra	28, 29 e 30 de marzo
	Visita Zoo de Marcelle (Lugo)	Sen data
	Visita Parque de Bomberos Municipal	Sen data
4º de Primaria:	Granxa O Kiriko (con pernocta)	6 e 7 de abril
5º de Primaria:	Programa Educación Vial Policía Local de Pontevedra	Sen data
	Visita ao CIF de Lourizán	25, 26 e 27 de outubro
	Visita ao Museo de Pontevedra	28, 29 e 30 de marzo
	Inmersión Peares	Sen data
6º de Primaria:	Camiño de Santiago/Ruta dos Gafos	Sen data
	Excursión a Madrid	6 a 9 de abril

### **D23.- Visitas Culturais ESO e Bacharelato**

1º de ESO:		
Visita ao Centro de Interpretación de arte Rupestre de Campo Lameiro		26 de abril
Visita Museo de Pontevedra		2, 3 e 7 de marzo
Inmersión Peares (3 días e dúas noites)		Sen data
2º de ESO:		
Visita Museo de Pontevedra		21, 23 e 24 de febreiro
Visita Guiada Cidade de Pontevedra		Sen data
<u>Excursión a Barcelona</u>		<u>22 a 26 de Maio</u>
3º de ESO:		
Visita aos Museos Científicos de A Coruña		26 de xaneiro
<u>Camiño de Santiago</u>		<u>25 a 27 de Maio</u>
4º de ESO:		
Visita a Escola Naval de Marín		Febreiro
<u>Cantabria</u>		<u>28 de marzo a 1 de abril</u>
1º de Bacharelato:		
Visita Salón EDUGAL		Sen data
<u>Londres</u>		<u>28 de marzo a 1 de abril</u>
2º de Bacharelato:		
Visita á USC: Programa A Ponte		
Febreiro		
Outras pendentes de ver a viabilidade: Inditex, Citroën e CUVI		

### **D3.- ACTIVIDADES PASTORAIS**

#### **Campañas:**

Domund	17 ao 21 de outubro
Día do Fundador P. Julio Chevalier	21 de outubro
Adviento e Nadal	12 ao 21 de decembro
Día Escolar da Paz e da Non-Violencia	30 de xaneiro
Celebracións de coaresma	do 27 ao 31 de marzo
Sagrado +: Semana da Solidaridade	23 ao 25 de marzo

#### **Convivencias**

5º de E. Primaria	2, 3 e 4 de maio
6º de E. Primaria	8, 9 e 10 de abril
1º de ESO	15, 16 e 17 de Novembro
2º de ESO	22, 23 e 24 de Novembro
3º de ESO (Camiño de Santiago)	25 ao 27 de Maio
4º de ESO	7, 8 e 9 de febreiro

#### **Sacramentos**

##### **Comuñón:**

Catequese: (3º e 4º de E. Primaria)	L,M, X e X segundo calendario
Celebración da Reconciliación	27 de abril
Celebración da Primeira Comuñón	29 e 30 de abril

##### **Confirmación:**

Catequese: (3º e 4º de ESO)	Mércores segundo calendario
Celebración da Reconciliación	sen determinar
Celebración da Confirmación	5 de maio

#### D4.- ACTIVIDADES PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO (PLC)

Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG); Plan Lector de Centro (PLEC), Proxecto Plurilingüe (BEDA, Departamento Vertical Linguas Estranxeiras)

#### D41.- Premios Frai Martín Sarmiento (Escolas Católicas de Galicia) e Festa da Lingua

##### Educación Infantil

- Cé Orquestra Pantasma: *Fíos do querer*, S. Coop. Galega Miudiño
- Chuches Amil: *Un conto ao revés*, Ed. Galaxia

##### 1º e 2º de E. Primaria:

- Miguel Ángel Alonso Diz: *O valente coello que quixo soñar*, Nova Galicia Edicións
- Pinto & Chinto: *A estrambótica illa do tesouro*, Ed. Bululú

##### 3º e 4º de E. Primaria:

- Xan López Domínguez: *Viaxe a Dragonia*. Rodeira-edebé
- Buenaventura Aparicio Casado: *A pedra do cervo*. Ed. do Cumio

##### 5º e 6º de E. Primaria:

- Héctor Cajaraville: *Quen dá a quenda*. Ed. Xerais
- Xabier López López: *O home que sabía voar*. Ed. Tambre

##### 1º e 2º de ESO:

- Xosé Lois Ripalda: *O inspector Chumbo*. Ed. Ir Indo
- Celia Díaz Núñez: *A boca do monte*. Ed. Galaxia

##### 3º e 4º de ESO:

- An Alfaya: *A cea das enaguas*. Ed. Tambre
- Manolo Rivas: *Madonna e outros contos de inverrno*. Ed. Xerais

##### Bacharelato, Profesorado e familias:

- Úrsula Heinze de Lorenzo: *E os domingos... un croissant*. Ed. Alvarellos
- María Solar: *As horas roubadas*. Ed. Xerais

Festa da Lingua Primaria

No Noso Centro

Sen determinar data

Festa da Lingua ESO

Sendeterminar lugar

Sen determinar data

#### D42.-Obras de Teatro Organizadas polo Centro

Infantil, 1º e 2º de Primaria	Pinocchio	Inglés	18 de novembro
3º, 4º, 5º e 6º de Primaria	Fearless John	Inglés	18 de novembro
ESO e Bacharelato	Sen determinar	Inglés	Sen determinar
ESO e Bacharelato	Sen determinar	Castelán ou Galego	Sen determinar

#### D43.- Obras de Teatro Fundación ABANCA

5º Infantil	Osiño	Galego	20, 21 ou 22 de febreiro
6º Infantil	Gatuxo	Galego	9 o 12 de maio
1º Primaria	De Fábula	Galego	30 Nov, 1 ou 2 decembro
2º Primaria	Paxaro Amigo, Músicas para a Paz	Galego	15, 16 ou 17 de marzo
3º Primaria	Pulgarcito	Castelán	2, 3 ou 4 de novembro
4º Primaria	Sandra e Meiról en Xistralia	Galego	6, 7 ou 8 de febreiro
5º Primaria	De los cuentos a las cuentas	Castelán	17 ou 18 de xaneiro
6º Primaria	La maravillosa historia del violín trompeta	Castelán	19 ou 20 de abril
6º Primaria	Freaky	Inglés	25, 26 ou 27 xaneiro

#### D44: Outras Actividades

Escola de Pais (Organizada coa ANPA)	Pendente de Calendario coa xunta da ANPA	
Obradoiro Cociña + Comedor	Eurest Colectividades SL	18 de outubro
Relacións entre iguais e solución de conflitos.		Sen data
Prevenção no uso das RRSS.	Plan Director	Sen data
Educación emocional.		Sen data
Orientación académica.	Dpto. Orientación	Sen data
Prevenção de condutas aditivas.		Sen data

## 3. ACTIVIDADES E SERVIZOS

### 3.1. ACTIVIDADES PASTORAIS

A finalidade esencial do noso colexio é a de ser resposta na nosa cidade á misión evanxelizadora da Igrexa cunha visión da vida segundo o ideario dos Misioneros del Sagrado Corazón de Jesús. Conscientes de que unha boa formación cristiá contribúe á educación integral dos nosos alumnos, e de que é unha obriga do Proxecto Educativo do Centro, trataremos de transmitir-lles os valores evanxélicos, de maneira especial a través da propia vida e do estilo do Centro.

Este ano estanse a programar actividades que desenvolven os tres pés do que debe ser a acción pastoral: Interioridad, celebración e solidariedade.

As clases de Relixión xogan un papel importante na formación inspirada no evanxeo, pero tamén sabemos da importancia da propia experiencia de vida cristiá: da catequeses, celebración dos sacramentos, compromiso, comunidade... Por iso ofreceremos dentro de noso estilo educativo actividades encamiñadas a este fin. Sinalamos as máis significativas:

- ✓ **Eucaristías**, con celebracións periódicas.
- ✓ Sacramento da Reconciliación.
- ✓ Catequeses e celebración da Comunión: 3º e 4º de Educación Primaria
- ✓ Catecumenado Sacramento da Confirmación: 3º e 4º da ESO, 1º e 2º de Bacharelato
- ✓ **Convivencias** de experiencia de vida cristiá.
- ✓ Celebracións en tempos litúrxicos
- ✓ Campañas de solidariedade.
- ✓ Camiño de Santiago (3º de ESO)
- ✓ Obradoiros de interioridad: meditación, oración, transcendencia

Asemade ofreceranse momentos de celebración cristiá específica para pais de alumnos e profesores ao longo do curso.

### 3.2. SEGURO DE ACCIDENTES E ATENCIÓN MÉDICA

O Colexio ten contratado un seguro voluntario de accidentes para todos os alumnos. Este seguro cubre os riscos de accidentes ocorridos aos alumnos dentro do recinto escolar ou en visitas culturais ou excursións, sempre baixo a vixilancia dos seus profesores.

Este concepto pasarase ao cobro no mes de setembro. O prezo deste seguro é de 12,16 € aprobado no Consello Escolar celebrado o 29 de xuño de 2016

### 3.3. GABINETE PSICOPEDAGÓXICO

Ocúpase do diagnóstico e orientación dos problemas de personalidade, comportamento e aprendizaxe dos alumnos/as. A través deste servizo coordínase a información aos pais, profesores e alumnos sobre o desenrolo do proceso de aprendizaxe e orientación. Entre as súas funcións figuran as seguintes:

- ✓ Evitar mediante medidas concretas fenómenos de fracaso e inadaptación escolar (elaboración de programas de ampliación e profundización, programas de reforzo, asesoramento sobre adaptacións curriculares...)
- ✓ Previr dificultades de aprendizaxe e asistilas cando xa se produciron (analizar niveis madurativos mediante aplicación de probas e de escalas de observación)
- ✓ Axustar a resposta educativa ás necesidades particulares do alumnado mediante as oportunas adaptacións curriculares ou metodolóxicas (probas e tests psicopedagóxicos, elaborar materiais de recuperación, etc.)
- ✓ Favorecer a integración dos alumnos/as no grupo-clase e no centro.
- ✓ Complementar o labor do Departamento de Orientación na ESO.
- ✓ Asesorar na mellora das técnicas e hábitos de estudo...
- ✓ Asesorar ao profesorado no desenvolvemento do Programa de Estimulación Temperá.
- ✓ Asesorar ao profesorado

### 3.4. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS DENTRO DA XORNADA ESCOLAR

Os alumnos de infantil, primaria e ESO realizan ao longo do curso e vencelladas ao horario escolar, determinadas actividades formativas, ademais da estricta ensinanza regrada, coa finalidade de completar a acción educativa. Estas actividades, aprobadas polo Consello Escolar na súa reunión do día 29 de xuño de 2016, impártense de acordo co Decreto 444/1996 de 13 de decembro (DOG. de 2/01/97) e chegan ás familias co epígrafe de *Prestacións*. O citado Decreto establece no seu artigo 2º que han de ter carácter voluntario, non suporán discriminación e non terán carácter lucrativo. Esas actividades son:

<b>Educación infantil:</b>	Inglés coloquial	1 hora semanal
	Proxecto Europa	½ hora semanal
	Xogos de Estimulación temperá	1 hora semanal

*Estas actividades desenvólvense de 12:30 a 13:00 horas*

#### **Educación primaria:**

<b>Primeiro Ciclo:</b>	Obradoiro de Estimulación Temperá	1 hora e ½ semanal
	Proxecto Multidisciplinar: Europa	1 hora semanal.

*Estas actividades desenvólvense de 12:30 a 13:00 horas*

#### **Segundo e Terceiro Ciclo:**

Proxecto Multidisciplinar: Europa	1 hora semanal.
Xogos de desenrolo cognitivo	1 hora semanal
Obradoiro de Técnicas de Estudio	½ hora semanal

*Estas actividades desenvólvense de 9:30 a 10:00 horas*

#### **Educación secundaria obrigatoria:**

Laboratorio de Dramatización Multidisciplinar	
Proxecto Multidisciplinar Europa	1 hora semanal semanal

*Estas actividades desenvólvense nunha hora á semana. Organízanse segundo o horario de cada grupo en horas iniciais ou finais de xornada.*

As arriba citadas actividades lévanse a cabo nos meses de outubro a maio e as cotas, aprobadas no Consello Escolar de 29 de xuño, son prorrateadas nos dez meses do curso académico.

### 3.5. TRANSPORTE ESCOLAR

#### 351.- EDUCACIÓN INFANTIL Y PRIMARIA

##### RUTA 1:

- 1.- José Malvar (Abanca)
- 2.- Avda. Uruguay (Náutico)
- 3.- Reina Victoria (Dulce de Leche)
- 4.- Praza de Galicia (Hiperxel)
- 5.- Peregrina (antigo Santa Rita)
- 6.- Avda. Vigo (Galicia Palace)
- 7.- Avda. Vigo (Froiz)
- 8.- Eduardo Pondal (Uxíonovoneira)
- 9.- Joaquín Costa (Tráfico)

##### RUTA 2

- 1.- Caeira (río Oitavén)
- 2.- Caeira (Mirador)
- 3.- Caeira (Club de Tenis)
- 4.- A Barca
- 5.- Paseo de Colón (Saída en Echegaray)
- 6.- San Roque
- 7.- Manuel del Palacio (Semáforo)
- 8.- Fdez Ladreda (Panadería Campolongo)
- 9.- Fdez Ladreda (Nuevo Rumbo)
- 10.- Fdez Ladreda (Farmacia)
- 11.- Calle de la Estación (Budo)
- 12.- Eduardo Pondal (Parque Infantil)

#### 352.- EDUCACIÓN SECUNDARIA E BACHARELATO

##### RUTA ÚNICA

- 1.- Caeira (Río Oitavén)
- 2.- Caeira (Mirador)
- 3.- Caeira (Club de Tenis)
- 4.- Caeira (Praza Riestra)
- 5.- A Barca
- 6.- Paseo de Colón
- 7.- Manuel del Palacio
- 8.- Fdez Ladreda (Panadería Campolongo)
- 9.- General Rubín (Río dos Gafos)
- 10.- Plaza de Galicia (Hiperxel)
- 11.- Avda. de Vigo (Galicia Palace)
- 12.- Avda. de Vigo (Froiz)
- 13.- Calle de la Estación (Budo)
- 14.- Eduardo Pondal (Parque Infantil)

#### 353.- AUTOBUSES

A empresa que realiza o servizo de transporte é Autocares J. Ruibal, SL

Os alumnos usuarios deste servizo comprométense a facelo os **dez meses do curso**. A cota das altas posteriores ao mes de setembro verase incrementada proporcionalmente.

O comportamento nos autobuses está suxeito ás mesmas normas de educación e convivencia que definen toda a realidade do Colexio.

Os acompañantes, debidamente identificados, velan pola seguridade e o cumprimento das normas neste servizo. Os usuarios obedecerán ao acompañante e ao conductor. No caso contrario, non se autorizará a súa continuidade no servizo.

Cada alumno ten unha parada e un percorrido non permitíndose cambios, salvo por especiais motivos presentados e aceptados polo Administrador. Evitaremos así exceso de usuarios nalgúns percorridos.

Os danos intencionados en calquera elemento do autobús serán oportunamente sancionados, debendo aboar ademais os desperfectos ocasionados.

Os alumnos dos percorridos con acompañante **precisarán de autorización** dos pais para apearse na súa parada sen a presenza dun adulto que os recolla.

Aos usuarios de transporte de Secundaria e Bacharelato facilitaráselle un carnet que os acreditará para poder facer uso do servizo

### 3.6. SERVIZO DE COMEDOR

Existen dúas quendas: ás 13,00 e ás 14,00 h.

A comida é servida por Eurest Colectividades S.L.

Funcionará desde o día 12 de setembro de 2016 ao 23 de xuño do 2017.

Vixilancia por persoal cualificado, con atención diferenciada segundo a idade.

Os alumnos usuarios deste servizo teñen **prohibida a saída do centro**.

Haberá tempo de estudo e actividades cos máis pequenos.

Alumnos habituais: 7,84 € / día lectivo

Días soltos: 9,00 € (o ticket retirárase na Secretaría antes das 12:00 h. ou durante a tarde do día anterior)

**A urbanidade, a convivencia e o respecto** duns a outros definirán moi claramente o clima e o ambiente do comedor, poñendo para iso os coidados pertinentes.

### 3.7. SERVIZO MADRUGADORES

Servizo prestado entre as 7.30 e as 9.30 horas da mañá. Ofertado coa finalidade de facilitar ás familias a conciliación da vida laboral e familiar, considerando as dificultades que podan ter para buscar acomodo aos seus fillos e fillas a primeira hora da mañá, antes da súa incorporación ao seu posto de traballo.

Dúas modalidades:

- |                 |                      |                       |
|-----------------|----------------------|-----------------------|
| 1. Co almorzo:  | 4,11 €/día habituais | 4,74 €/día ocasionais |
| 2. Sen almorzo: | 2,92 €/día habituais | 3,52 €/día ocasionais |

## 4. A ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS DE ALUMNOS/AS

A Asociación de Nais e Pais do colexio é un órgano de participación da Comunidade Educativa moi importante dentro do proxecto educativo do Centro. Por iso, este ano queremos fornecer os espazos de comunicación e participación conxunta ao longo do curso.

### 4.1.- COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA DA ANPA:

Presidente	D. Carlos Lodeiro Fernández
Vogais Infantil 4º	Dª Mª Victoria Leronés Herrero
Infantil 5º	(Pendente de designación)
Infantil 6º	Dª Graciela Beatriz Moldes Benítez
Prim. 1º	D. Carlos Lodeiro Fernández
Prim. 2º	Dª María Jesús Córdoba Barcala (Secretaria)
Prim. 3º	Dª Mª José González Allo
Prim. 4º	Dª Begoña Fidalgo Aneiros
Prim. 5º	D. Juan Santos Rodríguez
Prim. 6º	D. Eduardo Suárez Pérez.
ESO 1º	D. Felipe Ferrero González (Tesoreiro)
ESO 2º	Dª. Mercedes Cernadas Vázquez
ESO 3º	Dª. Beatriz Rodrigo Dapena
ESO 4º	Dª Pilar Carrillo Lista
Bachto 1º	Dª. María del Carmen Silva Ricoy
Bachto 2º	Dª Rocío Torres Iglesias

A Asamblea Xeral Ordinaria celebrarase o día 24 de outubro

Para achegar calquera suxestión pódese facer uso do correo electrónico:

[anpasagradopontevedra@gmail.com](mailto:anpasagradopontevedra@gmail.com)

## 5. OBSERVACIÓNS IMPORTANTES

As normas de Convivencia veñen determinadas por dous documentos fundamentais do Colexio como son O Regulamento de Réxime Interior (RRI) e o Plan de Convivencia, e ao mesmo tempo estamos a compilar, como xa se expón máis arriba, toda a documentación precisa para conformar o Manual de Organización e Funcionamento (MOF)

### 5.1.- A CONVIVENCIA NO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

O RRI do Colexio, documento normativo que regula as funcións, as relacións, os dereitos e os deberes na Comunidade Educativa, dedica un apartado ao tema da Convivencia. Está á disposición na Secretaría, figurando a continuación un extracto do mesmo.

Aínda que as normas de convivencia do Centro incumben a todos os membros da Comunidade Educativa, parece conveniente, polo papel específico e diferenciado que representa o alumnado, así como pola súa importancia numérica, especificar de maneira máis concreta as normas que deben ter en conta eles, os seus pais e os seus educadores e profesores, á hora de vivir no día a día a acción educativa en liña co noso Ideario e Proxecto Educativo.

As normas de convivencia do Centro definen as características das conductas que deben promoverse para lograr:

- a) O crecemento integral da persoa
- b) Os fins educativos do Centro
- c) O desenrolo da Comunidade Educativa
- d) Un bo ambiente educativo e de relación no Centro
- e) O respecto aos dereitos de todas as persoas que participan na acción educativa

Son normas de convivencia do Centro:

- ✓ **O respecto á integridade física e moral e aos bens** das persoas que forman a Comunidade Educativa e daquelas outras persoas e institucións que se relacionan co Centro con ocasión das actividades e servizos do mesmo.
- ✓ A **tolerancia** ante a diversidade e a non discriminación.
- ✓ A **corrección no trato** social, en especial, mediante o emprego dunha linguaxe correcta e educada.
- ✓ O interese por desenvolver-lo propio traballo e función con **responsabilidade**.
- ✓ O respecto polo traballo e función de todo os membros da Comunidade Educativa.
- ✓ A **cooperación** nas actividades educativas ou convivenciais.
- ✓ **A boa fe e a lealdade** no desenvolvemento da vida escolar.
- ✓ **O coidado no aseo e imaxe persoal** e a observancia das normas do Centro sobre esta materia.
- ✓ **A actitude positiva** ante os avisos e correccións.
- ✓ **A axeitada utilización do edificio, mobiliario, instalacións e material do Centro**, conforme o seu destino e normas de funcionamento, así como o respecto á reserva de acceso a determinadas zonas do Centro.
- ✓ O respecto ás normas de organización, convivencia e disciplina do Centro.
- ✓ En xeral, **o cumprimento dos deberes** que se sinalen na lexislación vixente e no presente Regulamento aos membros da Comunidade Educativa e de cada un dos seus estamentos.

Alteran a convivencia do Centro os membros da Comunidade Educativa que, por acción ou omisión, vulneran as súas normas. Na súa corrección, xunto coa calificación da falta, seguiranse os seguintes criterios:

- a) A idade e situación do alumno
- b) A valoración educativa da alteración
- c) O carácter educativo e recuperador, non meramente sancionador, da corrección.
- d) A proporcionalidade da corrección.
- e) A forma na que a alteración afecte aos obxectivos do Centro.

Na cualificación da falta, son circunstancias paliativas o recoñecemento espontáneo da conducta incorrecta, a falta de intencionalidade e a observación dunha conducta habitual positivamente favorecedora da convivencia. Pola contra, son circunstancias acentuantes a premeditación e a reiteración; causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros de menor idade ou aos acabados de incorporarse ao Centro; calquera acto que entrañe ou fomente a violencia, a discriminación, o racismo, a xenofobia ou o menoscabo dos principios do Carácter Propio.



As alteracións da convivencia, consonte coa cualificación das mesmas, poderán ser corrixidas mediante:

- a) Amoestación privada, verbal ou escrita
- b) Realización de tarefas en horario non lectivo que contribúan á mellora e desenrolo das actividades do Centro.
- c) Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado ás instalacións ou ao material do Centro ou ás pertenzas das institucións coas que se relacione o Centro, en horario non lectivo.
- d) Cambio de grupo do alumno.
- e) Suspensión da participación nas actividades escolares complementarias, nas actividades extraescolares ou noutras actividades realizadas polo Centro.
- f) Suspensión da participación nos servizos complementarios do Centro.
- g) Suspensión da asistencia a determinadas clases.
- h) Suspensión durante un tempo do dereito de asistencia ao Centro.
- i) Expulsión do Centro.
- j) Aqueloutras que determine a lexislación vixente.

De acordo coa magnitude da falta, compete impoñer as correccións anteriores:

Aos Profesores e ao Titor do alumno.

Aos Coordinadores e aos Directores Pedagóxicos.

Ao Consello Escolar ou á Comisión de Convivencia do mesmo.

Ademais do sinalado no RRI, queremos lembrar algunhas normas concretas, das que o seu adecuado cumprimento axudará a unha sa convivencia.

## **5.2. PRINCIPIOS EDUCATIVOS XERAIS**

Educación, urbanidade, orde e limpeza, son actitudes imprescindibles que poñen de manifesto o debido respecto ás persoas e aos bens comúns e que enmarcan os necesarios hábitos de comportamento que de seguido se enuncian:

- ✓ Saudar, ceder o paso, dar as grazas, pedir as cousas por favor, a corrección na fala, **saber estar en cada situación e lugar**, etc.
- ✓ Vestirse e asearse adecuadamente para a vida colexial.
- ✓ A **orde e a limpeza** en pupitres, libros, cadernos, material deportivo, presentación de exames e traballos...
- ✓ **Manter limpos os lugares comúns**: corredores, patios, aluas... empregando as papeleiras.
- ✓ **Participar** sempre e activamente nos quefaceres e nos actos colectivos.
- ✓ **Puntualidade** en todos os actos da vida colexial.
- ✓ **Cooperación das familias** á orde e á disciplina do Colexio evitando pedir permisos innecesarios.

## **5.3. ACCESOS AO COLEXIO E PERMANENCIA**

Durante o horario escolar **ningún alumno poderá saír do Colexio** se non é recollido por un adulto, e con autorización expresa do Titor ou Coordinador correspondente. Os usuarios de comedor deben cumprir esta mesma norma ao mediodía.

**As motos e bicicletas deixaranse nos aparcadoiros sinalados ao efecto** e non se empregarán para dar voltas polos patios, nin poderán moverse no recreo.

Durante o horario escolar non se permite a entrada de vehículos, excepto personal do Centro.

Por razóns legais e de saúde **non está permitido fumar nin consumir bebidas alcohólicas** dentro do recinto escolar ou nas actividades propias do Colexio.

## 5.4. CLASES

**Asistir puntualmente ás clases** e ás demais tarefas é indispensable e esencial para o bo funcionamento do Colexio. Ao mesmo tempo é un medio educativo moi eficaz na formación do carácter do alumno. A reiteración nos atrasos tratarase como falta das normas de convivencia.

**As faltas de asistencia previsibles deberán comunicarse ao Titor.** En todo caso, ao reincorporarse á clase, os alumnos deberán entregar ao Titor unha nota explicativa asinada polos pais, ou ben comunicalo a través da plataforma educ@mos

**Na aula non está permitido comer nin mastigar chicle.**

Os desprazamentos e as entradas e saídas do patio **deben facerse sempre co orde** e tendo a precaución de non molestar aos que por ter distinto horario están na clase.

**No intervalo de dúas clases seguidas** os alumnos **deben permanecer na súa aula** falando normalmente, sen gritos, carreiras... e evitando asomarse ás ventás e portas.

Está absolutamente **prohibido o uso de teléfonos móbiles, reprodutores de música ou radios con cascos, dentro das edificacións do Colexio.** Ademais de tomar as medidas adecuadas para evitar o seu uso, o centro non se responsabiliza de posibles substraicións. No caso de contravir esta norma procederase a actuar conforme ao establecido na Lei de convivencia e participación.

## 5.5. EXAMES

Na ESO e no bacharelato a falta xustificada a un exame suporá ter que realizalo na recuperación a non ser que o profesor considere que ten suficientes elementos de avaliación sen ese exame.

**A falta non xustificada a un exame significará ter que realizalo na recuperación seguinte.**

**A existencia dun exame non é razón suficiente para non asistir ás clases anteriores.** De producirse esta falta, o alumno non poderá facer o exame, agás en casos excepcionais ou xustificados suficientemente.

## 5.6. RECREOS

Os recreos son un complemento necesario das clases e momentos privilexiados para a amizade e a convivencia. Todos deben esforzarse para que a distensión propia do momento se harmonice co mutuo respecto nas obras e palabras, evitando posibles roces ou altercados que serían motivo de corrección.

Velarase especialmente polo uso correcto dos patios e das pistas polideportivas.

Durante o recreo ningún alumno poderá abandonar o recinto escolar.

Dado o sinal para o final do recreo, os alumnos deben ser dilixentes para acudir con prontitude ao lugar que lles corresponde.

## 5.7. FORMACIÓN RELIXIOSA

Tendo en conta o Carácter Propio do Centro, a formación relixiosa dos nosos alumnos nos valores humanos e cristiáns necesariamente **debe facerse presente na nosa acción educativa.**

Fomentarase a participación, a estima e a consideración cara ás celebracións e aos símbolos propios da inspiración cristiá do noso Centro.

## 5.8. FORMACIÓN DEPORTIVA E EDUCACIÓN FÍSICA

Como elemento moi importante da formación integral, todos deben procurar a participación nalgún deporte, adaptándose e cumprindo as orientacións que os encargados e entrenadores dispoñan.

Na actitude e no modo de competir esforzaranse por ter un comportamento que non desdiga da sa convivencia, dos principios da deportividade e do estilo educativo que configura o noso proceder colexial.

Todos os alumnos e alumnas deben ter o **traxe de deporte completo** (o chándal e a camiseta do Colexio, pantalón azul, calcetíns brancos e zapatillas deportivas distintas do calzado co que se asiste á clase). Cómpre ter esta indumentaria para as clases de Educación Física e para todas as competicións deportivas realizadas no Colexio.

Tralas clases de Educación Física e como parte das mesmas **deberá realizarse o aseo adecuado**.

Deberase observar un comportamento correcto no pavillón de deportes e vestiarios, coidando as formas e dando o trato adecuado a todo o material.

## 5.9. A INDUMENTARIA

O Colexio considera que é moi importante para o desenvolvemento das actividades escolares, nas súas dúas vertentes formativa e académica, o coidado externo da persoa. Pensamos que o desaliño e a indumentaria inapropiada van en contra dos valores nos que pretendemos formar. Isto implica o que os alumnos **veñan adecuadamente vestidos en todo momento**.

**A roupa deportiva**, incluído o chándal, **reservarase para usos deportivos**. Os alumnos de Infantil e Primaria poderán vir en chándal o día que lles corresponde Educación Física.

**As prendas de deporte**, así como **os anoraks, os xerseis**, etc. **deberán estar marcados** de maneira que poidan ser recoñecidos polos seus donos.

Os alumnos e alumnas da ESO e de Bacharelato evitarán a súa asistencia ás clases con prendas non apropiadas para un centro de ensinanza (pantalóns ou camisetas esaxeradamente curtos, de tirantes ou con tecidos non axeitados). En calquera caso, o Colexio resérvase o dereito de decisión sobre a idoneidade da vestimenta.

Polo ben dunha coidada imaxe externa, pregamos encarecidamente **evitar** o uso de percings e doutros ornamentos esaxerados.

**Para os nenos e as nenas de Infantil ata 2º de ESO é obrigatorio o uso do Uniforme Oficial do Colexio.**

## 6. PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

Atópase no centro a disposición das autoridades educativas a documentación constitutiva do Proxecto Educativo de Centro, integrada polo Ideario que define a identidade e as características do centro (o carácter propio), os aspectos fundamentais do noso modelo de educación integral (proxecto educativo), o Regulamento de Réxime Interior así como o noso proxecto curricular reflectido nas programacións docentes das distintas etapas e cursos do centro, e que no seu momento serán remitidas a esa inspección tal e como indica o artigo 9 da Orde do 7 de xuño de 2016 (DOG do 15/06/2016) pola que se aproba o Calendario Escolar do curso 2016-2017



## CPR. PLURILINGUE SAGRADO CORAZÓN DE JESÚS

r/ A Estrada 24 - 36004 - Pontevedra

Tfno: 986 856 350 - Fax: 986 860 270

[www.sagradopontevedra.org](http://www.sagradopontevedra.org) - [scorazonp@planalfa.es](mailto:scorazonp@planalfa.es) - @cpscorazon

